



... e así como encontrou a sepultura, estaba con cuatro... con cuatro... pedras, á cabeceira e aos lados, e unha loupa tapando, unha pedra, unha loupa tapando aquilo todo. E entón el, claro, moi contento porque chegou ao tesouro que lle decía que era o tesouro. Pero que chegou? Chegou, levantou a loupa e había tres xarras moi guapas, moi guapas, moi floreadas, moi guapas. E aquelas tres xarras que lle pareceu que xa era, e estaban boca abaixo, pensou que era xa o... as monedas. E que era? Era a (?), ceniza. E aquela ceniza había que a levar ao... á fundición a traballar. E el, de tan enfadado se viu, pensou que eran xa as monedas e despois saliulle ceniza, colliu e escacharrou as xarras, tirou e escacharrou todo. Coma que tanto traballar para topar o tesouro, e atopou e despois non era o que el quería. Se soupera o que era, pero como el pensou que...

- Pero non sabendo...

É verdad.

- Leuno nun libro?

Si, teño aí o libro.